

Informe sobre o apelido *Agrafoxo*

Agrafojo é a forma deturpada por castelanización dun apelido toponímico con orixe no nome de lugar *Agrafoxo*, forma sincopada dun primitivo *Agra (do) Foxo*, unha aldea da parroquia de Urdilde, en Rois. Como este é topónimo único no mundo, todas as persoas que leven o apelido teñen a súa orixe remota en Galicia. Dada a súa pouca frecuencia, é un apelido que debe preservarse.

Á vista da documentación filolóxica, histórica e actual consultada, tendo en conta as características lingüísticas do galego e segundo os criterios aprobados por esta institución nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* e a obra *Os apelidos en galego: orientacións para a súa normalización*, a Real Academia Galega ditamina que a única forma adecuada á gramática e fonética do galego actual é ***Agrafoxo***.

